

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

C U R S O 2 0 1 9 - 2 0 2 0

C P I A S M I R A N D A S

DEPARTAMENTO: VALORES ÉTICOS

DATA: 07/05/2020



ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Información e publicidade.**

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Criterio de avaliación

Os **mínimos esixibles** para unha avaliación positiva na materia serán os seguintes:

- Coñecer as características da personalidade e entender e respectar o concepto de dignidade humana;
- Entender o ser humano como ser social e saber desenvolver actitudes positivas nas relacións cos demais e identificar situacións de posibles conflitos;
- Diferenciar os conceptos de “ética” e “moral” e coñecer as características dos valores éticos;
- Comprender e expresar o significado histórico da democracia como forma de convivencia social e política.
- Coñecer o concepto dereitos humanos e identificar a evolución dos dereitos cívicos, políticos, económicos, sociais e culturais.

Estándar de aprendizaxe

- VEB1.2.2. Elabora conclusións sobre a importancia que ten para o/a adolescente desenvolver a autonomía persoal e ter o control da súa propia conduta conforme aos valores éticos libremente elixidos.
- VEB1.5.1. Define a intelixencia emocional e as súas características, valorando a súa importancia na construción moral do ente humano.
- VEB1.5.2. Explica en que consisten as emocións e os sentimentos, e como se relacionan coa vida moral.
- VEB2.1.2. Discirne e expresa, en pequenos grupos, sobre a influencia



mutua que se establece entre o individuo e a sociedade.

- VEB2.2.2. A influencia que teñen na configuración da personalidade os valores morais inculcados polos axentes sociais, entre eles a familia, a escola, os amigos e os medios de comunicación masiva.
- VEB2.5.1. Explica en que consiste a conduta asertiva, facendo unha comparación co comportamento agresivo ou inhibido, e adopta como principio moral fundamental, nas relacións interpersoais, o respecto á dignidade das persoas.
- VEB2.5.3. Emprega, en diálogos curtos reais ou inventados, habilidades sociais como a empatía, a escoita activa, a interrogación asertiva, etc., coa finalidade de que aprenda a utilizalos de forma natural na súa relación coas demais persoas.
- VEB3.4.1. Explica o que son os valores e as súas principais características, e aprecia a súa importancia na vida individual e colectiva das persoas.
- VEB3.4.3. Realiza, en traballo en grupo, unha xerarquía de valores, explicando a súa fundamentación racional, mediante unha exposición usando medios informáticos ou audiovisuais.
- VEB5.2.2. Xustifica a necesidade de actuar en defensa dos dereitos da infancia, loitando contra a violencia e o abuso do que nenos e as nenas son vítimas no século XXI, tales como o abuso sexual, o traballo infantil, ou a súa utilización como soldados/as, etc.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Avaliación

Procedementos e Instrumentos:

- **Elaboración de traballos** (busca de materiais, discusión, crítica, redacción de conclusións, etc.) sobre algúns dos puntos temáticos recollidos na presente programación para elaborar en equipos



	<p>pequenos e expoñer en clase.</p> <ul style="list-style-type: none">• Recompilación de noticias da prensa diaria, material gráfico, información procedente de fontes diversas sobre algúns dos aspectos tratados na clase.• Debates dirixidos polo profesor sobre os diversas cuestións recollidas no temario (presencialmente e en plataformas dixitais).• Observación diaria do traballo do alumnado.
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ul style="list-style-type: none">• A nota da primeira avaliación terá un valor de 40% sobre o total da nota.• A nota da primeira avaliación terá un valor de 60% sobre o total da nota.• De estas dúas notas adquiriremos a nota COVID.• Doutra banda, as tarefas neste terceiro trimestre terán un valor total de ata 4 puntos que se sumarán á nota COVID.
Proba extraordinaria de setembro	<p>Na proba de setembro, o alumnado avaliarase dos contidos vistos no <u>primeiro e segundo trimestre</u>.</p>
Avaliación de materia pendentas	<p>Criterios de avaliación:</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>



Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

PROFESORADO

Os procedementos que o profesorado empregará para informar ao alumnado:

- Correo electrónico
- Plataformas dixitais utilizadas polo profesorado (Google Classrom, Flipgrid).

CENTRO

Publicación na páxina web do colexio e por Abalar